


BASES REGULADORAS CONCURSO TIK TOK

“DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR”



I. PRESENTACIÓN

O 2 de maio celébrase o Día Internacional contra o *Bullying* ou Acoso Escolar, que hoxe en día converteuse nun terrible perigo que afecta a miles de nenos/as e mozos/as en todo o mundo.

Neste curso, o IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela, promovido polo Departamento de Educación Física e polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, unirase á causa a través da organización dun concurso, no que poderá participar toda a comunidade educativa.

II. OBXECTO DO CONCURSO

Creación de vídeos orixinais mediante a aplicación TIK TOK utilizando como base musical o tema [“Figa” das Tanxugueiras](#), coa intencionalidade expresiva de transmitir unha mensaxe de rexeitamento ao acoso escolar en todas as súas manifestacións.

III. PARTICIPANTES E CATEGORÍAS

Poderá participar toda a comunidade educativa: persoal non docente, alumnado e profesorado do IES Eduardo Pondal. Cada concursante poderá subir un único vídeo nas seguintes categorías:

- INDIVIDUAL
- GRUPO

IV. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE VÍDEOS

- Será imprescindible a creación do vídeo a través de TIK TOK, para o que é necesario estar rexistrado/a (segundo os termos e condicións da aplicación para rexistrarse é indispensable ter cumpridos 13 anos, en caso de non cumprir dito requisito a persoa participante poderá deixar que o seu vídeo sexa publicado por outro/a usuario/a que o cumpra).
- Será necesario etiquetar o vídeo co hashtag [#figaeducardopondal](#)
- A duración mínima dos vídeos será de 60 segundos.
- Permítese a edición de vídeos noutras plataformas distintas a Tik Tok, pero o produto final debe ser publicado a través de Tik Tok.
- Os vídeos deben estar realizados con material audiovisual propio. Poderase utilizar dun terceiro se están cedidos os dereitos de autor sendo responsable o participante ou participantes que presenten o vídeo.

- En ningún caso se aceptarán vídeos con contidos violentos, obscenos, racistas... etc. que vulneren calquera dereito fundamental da persoa ou denigren á comunidade escolar.
- Se no vídeo aparecesen imaxes doutras persoas alleas á comunidade escolar, estas deberán coñecer para que están sendo gravadas e dar o seu permiso para elo. A/as persoas que presenten o vídeo para o concurso serán responsables de controlar que esta norma se cumpra. O centro educativo non se fai responsable das situacións que poidan derivarse do incumprimento de dita norma.
- Os vídeos poderán ser reeditados posteriormente pola organización do concurso por necesidades técnicas ou con fins promocionais.
- Os vídeos serán compartidos co correo electrónico concursopondal@gmail.com, indicando no asunto "Concurso Tik Tok Figa" para a súa posterior recompilación e voto do xurado. Xunto co vídeo enviaranse os seguintes datos:
 - Ligazón electrónico do vídeo.
 - Nome do usuario en Tik Tok.
 - Nome e apelidos completo do/a/os/as participante/es.
 - Categoría na que participa (no caso de que a participación sexa grupal só poderá subilo á aplicación un/unha dos/as participantes).
 - En caso de menores de idade, autorización de participación asinada pola nai, pai ou titores legais.

V. PRAZO DE PRESENTACIÓN

A publicación en Tik Tok e recepción dos vídeos rematará o 29 de abril de 2022.

VI. XURADO CUALIFICADOR

O xurado estará composto por persoal non docente, profesorado e alumnado do IES Eduardo Pondal. Cada membro do xurado valorará os vídeos presentados de 0 a 10 puntos. O vídeo gañador decidírase calculando a media aritmética de todas as puntuacións dadas por cada membro do xurado.

VII. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Valorarase o atractivo do vídeo no seu conxunto, tanto en forma como en contido, tendo en conta aspectos como a súa orixinalidade, creatividade e claridade na súa mensaxe. A decisión do xurado será inapelable.

VIII. PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS

O fallo do xurado publicarase na páxina web do IES Eduardo Pondal e comunicarase persoalmente ao/ós/á/ás gañador/a/es/as do concurso.

Os/as participantes aceptan estas bases e autorizan ao IES Eduardo Pondal para exhibir os vídeos na páxina web do IES nas datas que estime oportunas.

IX. PREMIOS

Os premios serán entregados a semana do 2 de maio Día Internacional contra o Acoso Escolar. Establécense un total de 4 premios:

1. Categoría individual: primeiro e segundo posto.
2. Categoría grupal: primeiro e segundo posto.

O xurado, se o considera, pode declarar o concurso deserto.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. A organización resérvase o dereito de resolver como crea conveniente calquera situación non prevista nestas bases.